

## Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 22 de xullo de 2024

### Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 22/07/2024
- II. Asistentes á CGIC do 22/07/2024
- III. Guías docentes do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía (2024/2025)
- IV. Guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (2024/2025)
- V. Guías docentes do Máster en Xestión Sostible da Auga (2024/2025)
- VI. Rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2022/2023)*.

Ábrese a sesión ás 10 horas e 30 minutos, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

### 1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 19 de xuño de 2024.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

### 2. **Informe do Coordinador**

O Coordinador de Calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

#### ➤ **Comunicacións coa Área de Calidade**

##### ✓ **Cadro de mando:**

- 12 xullo. Aclaración de dúbidas sobre o indicador I40, relacionado cos procedementos actualizados no curso.
- 15 xullo. Dúbidas sobre o indicador I7, relacionado co programa DOCENTIA. A Área de Calidade indica que non poderá dar resposta ata o 29 de xullo polo que se vai deixar sen cubrir este indicador.

##### ✓ **Modificación do plan estudos do Máster en Enxeñaría de Minas:**

- 9 xullo. Resolución do *Consejo de Universidades* declarando aprobada a modificación do plan de estudos.

### **Rexistros que quedan pendentes na plataforma do SGIC - Curso 2023/2024**

- ✓ *R1 DE-01 Programa de desenvolvemento estratéxico do Centro.*
  - Retomárase en setembro.
- ✓ *R1 DE-03 Informe de revisión do sistema pola dirección.*

- Posponse á próxima sesión da comisión.
- ✓ *R1 DO-0301 Verificación/Chequeo de Información Pública.*
  - O proceso de reestruturación da web e cambio da empresa de mantemento está a piques de rematar; este rexistro está posposto ata que a nova web estea operativa e poida ser chequeada.
- ✓ *R1 PE-02 Informe de Resultados Institucionais*, alerta 15/07/2024.
  - Pendente da resolución da última convocatoria do programa DOCENTIA.
- ✓ *R1 DO-0201 PDA e R2 DO-0201 POD*, alerta 31/07/2024.
  - O rexistro da PDA e POD do curso 2023/2024 no SGIC farase nos próximos días.
- ✓ *R4 DO-0201 Procedemento para o seguimento e control da docencia*, alerta 31/07/2024.
  - Mantense o procedemento vixente ata a aprobación do programa estratéxico.

A Presidenta agradece ao coordinador o traballo realizado.

### **3. Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía para o curso académico 2024/2025.**

A Presidenta cede a palabra a Francisco Deive, Coordinador do GEE, quen comenta o traballo realizado conxuntamente con Iria Feijóo, Coordinadora do GERME, para a elaboración das guías docentes das dúas titulacións de grao (Anexo III). Indica que, como a implantación do novo plan destas titulacións rematou o curso pasado, neste curso mantiveron pechadas as guías e fixeron eles mesmos as modificacións solicitadas polas persoas coordinadoras de materia. Tratouse de modificacións puntuais, en menos do 40% das materias, centradas sobre todo no sistema de avaliación e nas materias do programa *English friendly*. Engade que comprobaron fundamentalmente o cumprimento da normativa de avaliación, das PDAs e dos requisitos do programa *English friendly*.

A Comisión aproba as guías docentes por asentimento.

A Presidenta agradece a Francisco Deive e Iria Feijoo o traballo realizado.

### **4. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2024/2025.**

A Presidenta lembra que no próximo curso se imparte o primeiro curso do plan novo e indica que o 8 de xullo, como coordinadora do máster, organizou unha sesión informativa coas persoas coordinadoras de materias para aclarar os principais aspectos a ter en conta na elaboración das guías docentes de 1º curso.

Comenta que houbo problemas co envorcado dos datos (materias, profesorado e persoas coordinadoras incorrectas), polo que o punto de partida do proceso foi moi posterior e o tempo dispoñible resultou escaso.

Sinala que se estableceron os seguintes procedementos

- Materias de 1º análogas a materias do plan vello: importación da guía do curso anterior e adaptación á memoria de verificación do novo plan polas persoas coordinadoras das materias. Estas guías foron supervisadas por Guillermo García, coordinador do 1º curso do MUEM.
- Materias de 1º totalmente novas: elaboración da guía dende cero polas persoas coordinadoras das materias. Estas guías foron supervisadas por Elena Alonso, coordinadora do MUEM.
- Materias de 2º (plan en extinción): introdución das posibles modificacións por Guillermo García, coordinador do 1º curso do MUEM, sen abrir as guías salvo nos casos nos que se considerase necesario.

A continuación cede a palabra a Guillermo García, coordinador do 1º curso do MUEM, quen sinala que os principais aspectos revisados foron os novos resultados de aprendizaxe de cada materia (coñecementos, habilidades e competencias) e a súa asignación aos resultados previstos nela, a planificación e o seu axuste ás fichas das materias na memoria de verificación, os sistemas de avaliación e os requisitos esixidos ás materias que se incorporaron ao programa *English friendly*.

A Presidenta propón aprobar as guías (Anexo IV).

A comisión aproba por asentimento as guías docentes da titulación.

Agradece a Guillermo García o traballo realizado.

## **5. Aprobación, se procede, das guías docentes das materias impartidas na Universidade de Vigo correspondentes ao Máster en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2024/2025.**

A Presidenta cede a palabra a María Araújo, Coordinadora da titulación, quen sinala que as guías docentes achegadas son as correspondentes ás materias que se imparten na Universidade de Vigo (Anexo V) e que para as outras materias se inclúen ligazóns ás guías na web do mestrado.

Indica que non tivo problemas con DOCNET salvo algunhas persoas coordinadoras e que só houbo modificacións menores (axustes de contidos, metodoloxías e probas de avaliación) e a incorporación de dúas materias ao programa *English friendly*.

Finalmente sinala os problemas das materias do segundo curso (TFM e prácticas externas), que se imparten por primeira vez. Sinala que as guías recollen os aspectos básicos da memoria de verificación, dado que a normativa específica es instrución queda pendente de aprobar na comisión académica.

A comisión aproba por asentimento as guías docentes da titulación.

Agradece a María Araújo o traballo realizado.

**6. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2022/2023)*.**

A Presidenta amosa e comenta en que consiste o cadro de mando e salienta a súa utilidade de cara á elaboración do IRPD; lembra que o centro participa no programa piloto da universidade para a configuración deste novo rexistro. A continuación cede a palabra ao Coordinador de Calidade, quen amosa o documento proposto (Anexo VI) e explica o seu contido e estrutura. Sinala que aínda quedan dúbidas en varios indicadores, nos que se agarda a resposta da Área de Calidade, e que polo de agora se deixan sen cubrir.

A Comisión aproba o rexistro por asentimento.

A Presidenta agradece a Guillermo García o traballo desenvolvido.

**7. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2022/2023)*.**

A Presidenta sinala que non foi posible levar a cabo a análise dos datos recollidos no cadro de mando e a elaboración do informe polo que propón pospor a aprobación deste rexistro á próxima sesión da comisión.

**8. Rogos e Preguntas.**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11 horas e 15 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e dous de xullo de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



## ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 22/07/2024

**Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade**

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 22 de xullo de 2024, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (\*), e trataranse os seguintes puntos da

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 19 de xuño de 2024.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, das guías docentes do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía para o curso académico 2024/2025.
4. Aprobación, se procede, das guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2024/2025.
5. Aprobación, se procede, das guías docentes das materias impartidas na Universidade de Vigo correspondentes ao Máster en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2024/2025.
6. Aprobación, se procede, do rexistro do rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2022/2023)*.
7. Aprobación, se procede, do rexistro do rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2022/2023)*.
8. Rogos e Preguntas.

Vigo, 15 de xullo de 2024

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(\*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DL6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario ([eme.secretaria@uvigo.es](mailto:eme.secretaria@uvigo.es)) que lle indicará o método de acreditación complementario.

**A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA**





## ANEXO II

Asistentes á CGIC do 22/07/2024



<b>Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 22 de xullo 2024</b>	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Ana Rodríguez Rodríguez	Representante do Máster EM
María Araújo Fernández	Representante do Máster XSA
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Ángeles Domínguez Santiago	Coordinadora do PAT/PIUNE
Raquel Pérez Orozco	Representante do PDI
Pablo Eguía Oller	Representante dos departamentos con sede no centro
Juan Jesús Rico Fuentes	Representante do estudantado egresado
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro





## ANEXO III

### **Guías docentes do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía (curso 2024/2025)**



## ANEXO IV

### Guías docentes do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas (2024/2025)



## ANEXO V

### Guías docentes do Máster en Xestión Sostible da Auga (2024/2025)



## ANEXO VI

**Registro R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2022/2023)**